

## SECUENCIA DIDÁCTICA BASEADA EN TAREFAS

<b>TÍTULO</b>	O graffiti
<b>NIVEL:</b> 3º ESO	<b>TEMPORALIZACIÓN</b> As 4 primeiras sesións no primeiro trimestre, a 5ª e 6ª no terceiro.
<b>ÁREA/S:</b>	Lingua Galega e Plástica
<b>EQUIPO DOCENTE</b>	Marta González María Isabel Seoane Sánchez

### Obxectivos xerais:

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos didácticos	Criterios de avaliación
<p>-Aprender a buscar e seleccionar información</p> <p>- Producir textos escritos</p> <p>-Aprender a usar correctores lingüísticos e tradutores</p> <p>-Elaboración dunha presentación oral con soporte informático (presentación en power point)</p>	<p>B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.</p> <p>B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.</p> <p>B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares.</p> <p>B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p> <p>B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.</p>
<p><b>Contidos</b></p> <p>B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais.</p> <p>B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.</p> <p>B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.</p> <p>B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</p> <p>B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.</p>	
<p><b>Competencias clave:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	<p><b>Estándares de aprendizaxe</b></p> <p>LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</p> <p>LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</p> <p>LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada),</p>

	<p>manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.</p> <p>LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.</p> <p>LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.</p> <p>LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</p> <p>LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.</p>
<b>Actividades e tarefas. Secuencia didáctica:</b>	<b>PRODUTO FINAL</b>
<p><b>1º e 2ª sesión:</b> Explicación sobre os criterios de búsqueda de información, selección e presentación da mesma.</p> <p><b>3ª sesión:</b> Aprendizaxe do manexo de dicionarios, correctores e tradutores dixitais.</p> <p><b>4ª sesión:</b> Técnicas e estratexias básicas para falar en público.</p> <p><b>5ª e 6ª sesións:</b> Visionado das exposicións (realizadas na aula de plástica e gravadas en vídeo)</p> <p>Os pasos que faltan (formación dos grupos, explicación sobre o graffiti, as pautas do traballo, realización do mesmo..) realizáronse na aula de plástica coa profesora desa materia.</p>	<p>Vídeo da presentación oral con apoio dixital (power point ou similar) sobre o graffiti. Este traballo enmárcase dentro das actividades e tarefas integradas relacionadas coa cultura romana que este ano se desenvolven no centro.</p> <hr/> <p><b>Instrumento de avaliación:</b></p> <p>Rúbrica cos seguinte itens:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Búsqueda e selección da información</li> <li>• Redacción do texto</li> <li>• Corrección lingüística</li> <li>• Presentación dixital</li> <li>• Exposición oral en público</li> </ul>